



Sindicato de
Traballadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente específico
SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**
Ferrol (María) **658.615.515**
Santiago (María José) **673.618.911**
Pontevedra (Kike) **605.128.068**
Vigo (Julián) **647.401.860**
Lugo (José Luís) **649.778.142**
Ourense (Conchi) **655.805.810**
e-mail: stajgalicia@gmail.com

ENRIQUE ARAUJO MARTINEZ, en calidade de representante do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ).

Actualmente os xulgados de A Estrada contan con dúas persoas, unha da Guardia Civil e outra dunha empresa privada, que vixian as instalación e protexen os traballadores/as, profesionais e a persoas que acuden a esas dependencias. En concreto no Xulgado nº 2 contan cunha persoa dunha empresa privada de seguridade.

Desde hai días a persoa de seguridade privada que prestaba servizo no Xulgado nº 2 de A Estrada, por instruccións recibidas por órganos de esa Administración, deixou de vixiar e protexer as instalacións e o persoal de Xulgado nº 2 e fai en exclusiva esas labores no Xulgado nº 1, quedando o nº 2 desprotexido. Isto débese a que o Guardia Civil que estaba destinado no Xulgado nº 1 atopase de vacacións ata o 20 de xaneiro, e alguen decidiu que deixase de facer as funcións no Xulgado nº 2 e as fíxese, ata a volta de vacacións do Guardia Civil, no Xulgado nº 1, en definitiva "desvestiuse a un santo para vestir outro".

Dase a circunstancia que no Xulgado nº 2 a plantilla é solo de 5 persoas e que por mor das vacacións do Nadal solo acuden a traballar dúas ou tres durante estas festas, e en momentos puntuais, ben por saír ao descanso diario, ben por saír a facer dilixencias fora da sede xudicial, nas oficinas queda solo unha ou dúas persoas, incrementándose de maneira considera o risco de que se produzan incidentes que atenten contra a seguridade das persoas que alí traballan ou dos propios cidadáns que acuden a esas dependencias.

Coa seguridade do persoal no se xoga, en todos os edificios da Xunta hai constantemente persoal de seguridade que se substitúe por outros cando se atopan disfrutando de vacacións ou permisos. Non esperamos a que pase algunha cousa para botarnos as mans á cabeza. Dende logo este Sindicato esixirá todo tipo de responsabilidades, aos que xogan coa seguridade dos demais por aforrar uns euros, si acontecese algo que puxese en risco a seguridade persoal ou integridade física dos traballadores/as, dos cidadáns ou dos profesionais que acuden ao Xulgado nº 2 de A Estrada.

SOLICITO que de maneira urxente se designe persoal da Guardia Civil ou dunha empresa de seguridade privada, para que preste servizos de vixilancia e protección no Xulgado nº 2 de A Estrada. Non se pode deixar sen protección e seguridade as instalación e aos traballadores mentras os encargados de esas funcións se atopan de vacacións. É responsabilidade da Administración a que me dirixo garantir a protección dos traballadores e dos cidadáns que acuden os edificios públicos.

Pontevedra a 26 de decembro de 2018.

DIRECCION XERAL DE XUSTIZA. Rúa de Madrid 2-4, 2º andar. S A N T I A G O.

